




Os escritores que participan na xuntanza de Baleusca, encabezados polo poeta Miguel Anxo Fernán Vello, percorreron as rúas de Pontevedra seguindo as pegadas de Alfonso Castelao. RAMÓN LLIBRO.

Tras da pantasma de Castelao

PRAZA DA FERRERIA

MARTÍN SUÁREZ

▶ **A PEGADA DE CASTELAO.** Cada ano, centos de persoas percorren as rúas de Dublín, seguindo os pasos que daba Leopold Bloom no *Ulyses* de James Joyce, ou buscan sen demasiado éxito o barrio xudeu de Praga por ver das pegadas de Franz Kafka. Do mesmo xeito, un par de ducias dos participantes no encontro

de escritores galegos, vaseos e cataláns *Galeusca 2001* perseguiron o rastro de Alfonso Rodríguez Castelao por Pontevedra. A xornada rematou cun recital conxunto de doce poetas nas linguas peninsulares minorizadas, e cunha cea nun restaurante da cidade. O congreso, que se vén celebrando desde o venres pasado, clausúrase hoxe con lectura de contos infantís e cunha comida de despedida.

▶ **ANTES DO XANTAR.** Sen embargo, o momento do día chegou antes do xantar. Para ir facendo sitio no estómago —pasou afortunadamente a época na que os autores eran malos comedores—, a organización programou un *Roteiro Castelao* para que poñentes e oñtes coñecesen a Pontevedra do escritor, debuxante e político. Xusto antes puidose ver unha nutrida expedición de escritores, encabezada por

Antón Figueroa, facendo acopio de volumes na sección de galego da librería Michelena e tomando café polo vaso no Carabela.

▶ **RÚAS, CASAS E DESPACHOS.** Co poeta Miguel Anxo Fernán Vello á cabeza, a comitiva partiu, como é conveniente, da praza da Ferrería. Desde alí, os escritores puidéron ver o antigo despacho de Castelao na actual delegación

de Facenda, a casa na que vivía na rúa da Oliva, moi cerca da dos Álvarez —un parente, Xosé María Álvarez Cáccamo, andaba por alí—, asaltada no 1936 despois do golpe fascista, e as rúas que pisou en busca de farra nocturna. A rota serviu quizá para que os paseantes compredesen un pouco mellor a beleza prístina da prosa de Couselo, ou a delirante variedade escenográfica de *Os vellos non deben namorarse*.

JF OIL
AREA DE SERVICIO
GALP

**GASÓLEOS A DOMICILIO
PEDIDOS LAS 24 HORAS
986 53 06 53**

Ctra. Caldas - Pontevedra, km 102 - ARCOS DA CONDESA - CALDAS DE REIS • 986 53 06 53 • Fax 986 53 06 51 • Móvil 617 48 89 77

CALOR FAMILIAR

Y consigue fantásticos regalos
con los Vales de Rasca y
Gana